

A Cruña
29.12.73

Luis Seoane López
Buenos Aires

Luis, meu amigo:

Veño de saber da triste nova do pasamento da túa naiçíña. ¿E que che hei decir? Calquer frase de consolo pareceráche valdeira, oca e sin senso algun. Porque os que pasamos pola mesma malfadada esperencia sabemos que somentes o paso do tempo deixará en tí a saudade dun ben perdido.

Supoñémoste totalmente reposto das consecuencias do teu accidente automovilístico. E que andarás xa, de cacho para cribo, sin axuda de aparellos. Que así seña.

E sin máis por hoxe, recibide Maruxa e máis tí unha cordialísima e cinguida aperta de Fernanda e miña.

Maruxa |